

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO (APRG) PARA CONTINUAR COA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DESTINADAS Á POSTA EN VALOR DAS APTITUDES DO CABALO PRG EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE EXPOSICIÓN E OCIO, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN 2023_2027.

Esta consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de conservación e fomento dos recursos zoxenéticos autóctonos de Galicia e, en consecuencia, nos programas de mellora xenética do gando, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a conservación dos recursos zoxenéticos autóctonos de Galicia ameazados.

Antecedentes

En Galicia, a explotación sostible e rendible dos recursos xenéticos gandeiros autóctonos en sistemas de produción de calidade altamente compatibles co medio ambiente, é posible en gran parte pola rusticidade e a gran capacidade adaptativa das razas, ao que habería que sumar a facilidade de manexo e mansedume. Para o caso do Cabalo PRG, estas características explican a súa boa aceptación nas distintas disciplinas hípcas, así como a predisposición natural destes animais á andadura.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS
SUBDIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA
SERVIZO DE PRODUCIÓNS GANDEIRAS E BENESTAR ANIMAL
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela
T: +34 981 546 180
produccionsgandeiras@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





A subintervención 65052_01 do Plan Estratéxico da PAC de Galicia para o período 2023-2027 relativa ás asociacións para a preservación dos recursos gandeiros, ten entre os seus obxectivos a recuperación da variabilidade xenética, e a súa potenciación, de ser o caso, así como implantar mecanismos que permitan aos gandeiros acceder aos fondos xenéticos dispoñibles das razas autóctonas.

APRG é unha asociación profesional, sen ánimo de lucro, constituída no ano 1997, con ámbito de actuación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que dende hai anos mantén unha colaboración directa coa consellería en actividades vinculadas coa recuperación, fomento e difusión da raza PRG.

Entre os obxectivos primordiais da asociación están:

- Mellorar a produción do gando equino, incrementando a rendibilidade deste tipo de explotacións gandeiras.
- Velar pola axeitada execución do Programa de Conservación, Preservación, Recuperación, Selección e Fomento do Cabalo de Pura Raza Galega.
- Propor liñas e proxectos de investigación que respondan ás necesidades dos gandeiros.
- Recuperar, potenciar e defender as rutas a cabalo e actividades equinas dos camiños de Santiago.
- A formación e profesionalización dos gandeiros e criadores da raza.

A Consellería do Medio Rural e APRG veñen colaborando nos sucesivos Programa de desenvolvemento rural de Galicia mediante actuacións na conservación dos recursos zootenéticos autóctonos. No ano 2023 asinase o último convenio para continuar coa execución das actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes do Cabalo PRG en actividades deportivas, de exposición e ocio, que remata a súa vixencia o 31 de agosto de 2025.





Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con APRG o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01 de setembro de 2025 ata o 31 de decembro de 2027, no marco do Plan Estratéxico da PAC de Galicia 2023-2027.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións das actuacións a realizar por APRG para continuar coa execución das actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes do Cabalo PRG en actividades deportivas, de exposición e ocio.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A explotación sostible e rendible dos recursos xenéticos gandeiros autóctonos mediante o aproveitamento dos recursos naturais sen esquecer a protección do medio ambiente, é posible en gran parte pola rusticidade e a gran capacidade adaptativa destas razas, sen esquecer, como xa se comentou anteriormente, a facilidade de manexo e mansedume. Estas dúas características fixeron que administración e asociación de criadores, co obxecto de afianzar a raza, decidiran no seu día repartir a atención a outras orientacións produtivas na cría e selección do Cabalo PRG, para o seu emprego en actividades hípcas, doma de alta escola, enganche, así como noutras modalidades deportivas como o raid e o salto de obstáculos entre outras.

A subintervención 65052_01 do Plan Estratéxico da PAC de Galicia para o período 2023-2027 relativa á conservación de recursos xenéticos na agricultura, consiste precisamente en fomentar a inclusión dos recursos xenéticos agrícolas e gandeiros autóctonos en sistemas de produción de calidade compatibles co medio ambiente, mellorando a súa conservación, caracterización e avaliación.





Os traballos de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e APRG con razas ameazadas deben ser ininterrompidos. As labores de conservación, asesoramento e difusión non deberían deterse polo que a renovación dos compromisos adquiridos suporá unha continuidade temporal que resulta imprescindible nas tarefas de recuperación das razas autóctonas.

O desenvolvemento deste programa, só é posible coa participación de APRG xa que é a única asociación en Galicia que desenvolve actividades de doma con Cabalos de Pura Raza Galega, que conta coa infraestrutura, medios loxísticos e de persoal necesarios e suficientes para realizar as actuacións obxecto deste convenio, ademais dunha ampla experiencia, indispensable neste tipo de actuacións. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrência competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa.

O procedemento ordinario de concorrência pública na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto APRG resulta imprescindible para a execución do programa. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso se expresa o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

APRG cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola





que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Financiamento

A Consellería do Medio Rural financiará as actuacións do convenio a desenvolver por APRG, no marco da subintervención 65052_01 do Plan Estratéxico da PAC de Galicia, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

O importe total ascende a cento trinta e oito mil cincocentos euros (138.500,00 €) para o período 2025-2027, dispoñibles na aplicación 2025.15.04.713C.781.2 código de proxecto 2025 00136 e distribuirase coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

- 12.500,00 € para o ano 2025
- 63.000,00 € para o ano 2026, dos que 3.000,00 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.
- 63.000,00 € para o ano 2027, dos que 3.000,00 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.

Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final.





Por todo o exposto, solicítase a tramitación do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e APRG, para continuar coa execución das actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes do Cabalo PRG en actividades deportivas, de exposición e ocio, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, no marco do PEPAC de Galicia 2023-2027.

Santiago de Compostela, á data da sinatura.

O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

